

MEMORIA DO ÓRGANO PROPOÑENTE PARA O INICIO DA TRAMITACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “ OBRAS ARI : PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA RÚA DO POR RINLO E PAVIMENTACIÓN DA RÚA JUAN SUÁREZ ACEVEDO” POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO

Emítase o presente memoria de acordo co disposto nos artigos 28 e 116 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), e no artigo 33 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

COMPETENCIA

O Concello de Ribadeo segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 25, son competencias propias do Municipio, entre outras, as seguintes:

- Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

- Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

- Protección da salubridade pública.

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local:

Artigo 25 redactado polo número oito do artigo primeiro da Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (« B.O.E.» 30 decembro). Vixencia: 31 decembro 2013

Oito. O artigo 25 queda redactado como segue: «1. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

2. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

- j) Protección da salubridade pública.
- k) Cemiterios e actividades funerarias.
- l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.
- m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.
- n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.
- ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sustentable das tecnoloxías da información e as comunicacións.

3. As competencias municipais nas materias enunciadas neste artigo determinaranse por Lei debendo avaliar a conveniencia da implantación de servizos locais conforme aos principios de descentralización, eficiencia, estabilidade e sustentabilidade financeira.

4. A Lei a que se refire o apartado anterior deberá ir acompañada dunha memoria económica que reflicta o impacto sobre os recursos financeiros das Administracións Públicas afectadas e o cumprimento dos principios de estabilidade, sustentabilidade financeira e eficiencia do servizo ou a actividade. A Lei debe prever a dotación dos recursos necesarios para asegurar a suficiencia financeira das Entidades Locais sen que iso poida levar, en ningún caso, un maior gasto das Administracións Públicas. Os proxectos de leis estatais acompañaranse dun informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no que se acrediten os criterios antes sinalados.

5. A Lei determinará a competencia municipal propia de que se trate, garantindo que non se produce unha atribución simultánea da mesma competencia a outra Administración Pública».

NECESIDADE DO CONTRATO

Proxecto Urbanización Rúa Porto de Rinlo.- As obras definindo a zona de actuación, así como os materiais empregados na pavimentación da rua do Porto, que se atopa dentro do A.R.I. de Rinlo. Na actualidade estes accesos atopan nun evidente estado de deterioración, sendo necesario realizar labores de definición reafirmado de pavimentación, así como executar soleira de formigón na rua e reparación da rede de saneamento.

A rúa do Porto ten un pavimento formado por distintas capas de regos asfálticos levantados e deteriorados, ao asumir unha consideración excesiva de transporte e estar en moi mal estado de conservación.

Proxecto Pavimentación da Rúa Juan Suárez Acevedo.- As obras definindo a zona de actuación, así como os materiais empregados na pavimentación da rua Juan Suarez Acevedo, que se atopa dentro do Conxunto Histórico de Ribadeo. Na actualidade estes accesos atopan nun evidente estado de deterioración, sendo necesario realizar labores de definición reafirmado de pavimentación, así como executar soleira de formigón na rúa. A rúa Juan Suarez Acevedo ten un pavimento formado por distintas capas de regos asfálticos levantados e deteriorados, ao asumir unha consideración excesiva de transporte e estar en moi mal estado de conservación.

As obras que se pretenden realizar consisten na execución dunha soleira de formigón coa nivelación das tapas de rexistro da rede de saneamento.

Tamén se readaptarán as 7 tapas dos sumidoiros de saneamento e tapas de rexistro existentes de distintos servizos que existen na rúa na actualidade.

Non se intervén a nivel de mellora de rede de saneamento, nin abastecemento xa que xa foi reparada hai poucos anos.

Se intervén a nivel de escavación polo que non é necesario proxecto arqueolóxico.

Se realiza una nova conexión de tubarías para dar servizo a telefónica, abastecemento nova rede, nova rede de alumeado e de pluviais así coma electricidade.

IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO

As obras que comprende o proxecto son as seguintes:

- a..: Demolicións.
- b..: Movemento de terras.
- c..: Instalacións.
- d..: Pavimentación.

DURACIÓN

O prazo de duración do contrato será de 2 MESES para cada un dos lotes.

XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO EMPREGADO

De conformidade co establecido no artigo 116 e 159.6 da LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento, o procedemento de adxudicación será aberto simplificado e seguirá as regras establecidas nos devanditos artigos, garantindo así a máxima igualdade e concorrencia no proceso de licitación.

A elección do procedemento ven motivada coa fin de garantir o principio de lliberdade de acceso as licitacións, publicade e transparencia dos procedementos, a non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores e conseguir unha eficiente utilización dos fondos destinados a realización das obras.

Tendo en conta que se trata dun contrato de obras de valor estimado inferior a 2.000.000€, séguese o procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159.6 da LCSP, co fin de procurar a realización das obras na anualidade de 2018.

Tódolos licitadores deberán estar inscritos no ROLECE no momento da presentación das ofertas.

Por outra banda, dado o valor estimado do contrato, calculado segundo o artigo 101 da LCSP, o procedemento non está suxeito a regulación harmonizada.

ELECCIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Pola súa tipoloxía o contrato non está incluído en ningún dos epígrafes do artigo 154.3. da LCSP. Pola súa escasa duración considérase que non é posible executalo correctamente nun prazo menor. Tamén, pola definición concreta das partidas, e boa calidade que se esixe no proxecto, non se considera conveniente, de acordo co establecido no artigo 146.1, o uso doutro criterio que non sexa o prezo

Os criterios de adxudicación que se terán en consideración para adxudicar o contrato, todos avaliados mediante a mera aplicación de fórmulas, serán os seguintes

A) OFERTA ECONÓMICA: ATA 85 PUNTOS.

Outorgaranse 85 puntos á oferta economicamente mais baixa, ou sexa, a que faga a baixa

maior sobre o prezo fixado na cláusula cuarta, e con CERO (0,00) a que non ofrezca baixa algunha sobre o tipo de licitación. O resto de ofertas valoraranse de xeito proporcional aplicando a fórmula seguinte:

$$\text{Puntuación oferta} = 85 \times \frac{\text{Orzamento de licitación - oferta a valorar}}{\text{Orzamento de licitación - oferta máis baixa}}$$

No tocante a xustificación da fórmula esixida hai que ter en conta que se establece como criterio de adxudicación unicamente o prezo, por unha mellor relación custo-eficacia, tendo en conta que no proxecto técnico xa se establecen os concretos materiais a utilizar, non considerando por tanto de aplicación criterios de calidade sobre os mesmos. A tenor do obxecto do presente contrato enténdese que non resulta posible a inclusión de criterios ambientais e sociais, por non contar con vinculación co mesmo.

En canto a cuestión relativa a cal debería ser a ponderación axeitada a atribuír ao factor prezo, xustifícase en que a fórmula elixida é a máis axeitada para non distorsionar ou cando menos minimizar a ponderación atribuída nos pregos ao factor prezo.

O valor máximo outorgáselle a mellor oferta, o resto en función da porcentaxe da diferenza respecto a mellor oferta.

B) REDUCCIÓN PRAZO DE EXECUCIÓN15 PUNTOS

Outorgaráselle 15 puntos a aqueles licitadores que oferten unha redución no prazo de execución da obra en 15 días completos.

Tense en conta como criterio de adxudicación a Redución do prazo de execución por mor de que as obras deben estar executadas a primeiros do mes de decembro do ano en curso coa fin de xustificar a achega económica do Ministerio de Vivienda para a realización das obras.

OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á devandita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais,

procederáse ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularáse sobre as tres ofertas de menor contía.

VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO DE LICITACIÓN E APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS

Segundo o disposto no artigo 101 LCSP o valor estimado, sen incluír o IVE, é de 56 997,96 € €.

De acordo co artigo 100 LCSP o orzamento base de licitación, IVE incluído, é de 68 967,52 €.

O financiamento do contrato farase con cargo á/ás aplicación/s orzamentaria/s: 454.61900 (ou as que corresponda) dos orzamentos xerais do Concello de Ribadeo e contase cunha achega do Ministerio de Fomento por un importe máximo 13 476,78 € para a financiación desta obras.

De acordo cos artigos 101 e 102 da LCSP, para o cálculo do valor estimado do contrato e do orzamento de licitación tivéronse en conta os custos laborais derivados da normativa laboral, especialmente dos convenios sectoriais de aplicación.

INFORME ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA

As obras fináncianse mediante aportación municipal e mais a achega concedida polo Ministerio de Fomento por un importe máximo 13 476,78 € para a financiación desta obras.

Polo tanto a presente contratación incide na estabilidade orzamentaria do ano 2018 en 55 490,74 €.

A vida útil da obra é superior aos cinco anos así como prevese que o mantemento da obra a realizar vai ser inferior ao custe de mantemento actual das infraestruturas nas que se vai acometer as obras.

AUSENCIA DE MEDIOS ELECTRONICOS E XUSTIFICACIÓN DA FORMULA EMPREGADA PARA DETERMINAR A OFERTA MAIS VANTAXOSA

As ofertas presentaranse en papel. A DA 15 da LCSP establece que a presentación de ofertas e solicitudes de participación levará a cabo utilizando medios electrónicos. Non obstante o órgano de contratación non estará obrigado a esixir medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas, entre outros supostos, cando a utilización de medios electrónicos requira equipos ofimáticos especializados dos que non dispoñen xeralmente os órganos de contratación.

Neste momento o Concello de Ribadeo está en tramites de adaptarse ao procedemento de presentación electrónica cos requisitos tecnolóxicos adecuados que permitan realizar a licitación electrónica coas garantías e requisitos establecidos na LCSP.

ESIXENCIA DE CLASIFICACIÓN E CONDICIÓN DE SOLVENCIA

Solvencia económico financeira: Acreditación da solvencia económico financeira:

Volume anual de negocios do licitador ou candidato, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser polo menos unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano, e polo menos unha vez e media

o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Nos contratos cuxo obxecto consista en servizos profesionais, en lugar do volume anual de negocio, a solvencia económica e financeira poderase acreditar mediante a disposición dun seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por importe non inferior ao valor estimado do contrato, así como achegar o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. Este requisito entenderase cumprido polo licitador ou candidato que inclúa coa súa oferta un compromiso vinculante de subscrición, en caso de resultar adxudicatario, do seguro esixido, compromiso que deberá facer efectivo dentro do prazo de dez días hábiles ao que se refire o apartado 2 do artigo 151 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Solvencia técnico-profesional: Acreditación da solvencia técnico-profesional mediante os seguintes documentos:

1-Certificados das obras executadas no curso dos cinco derradeiros anos por importe acumulado superior a tres veces o valor estimado da obra ofertada, avalada por certificados de boa execución; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e se precisará se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo (cumprimentar o modelo anexo do presente prego)

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido) debe ser igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

Este aspecto poderá acreditarse por algún dos seguintes medios:

a/ Obras no ámbito do sector público: Certificado de boa execución, expedido pola Entidade contratante, indicando importe, data e lugar de execución, sinalando se se levaron a bo termino.

b/ Obras noutro ámbito: Certificado do Técnico Director das obras, visado polo colexio profesional correspondente, co contido sinalado no apartado anterior.

2-Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, coa que se achegará a documentación acreditativa correspondente.

Nos contratos de obras de valor estimado inferior a 500.000 €, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo como tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a relación de obras substituirase pola Declaración de maquinaria, material e equipo técnico xunto coa documentación acreditativa correspondente.

Os licitadores poderán acreditar a súa solvencia baseándose na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e que a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar (art. 75 LCSP).

Estes criterios quedarían cumprimentados coa presentación do certificado de clasificación da empresa equivalente, a clasificación sería:

– Categoría 1, se a súa contía é inferior ou igual a 150.000 euros.

Os grupos e subgrupos de aplicación para a clasificación de empresa no contrato de obras, é o seguinte:

Grupo G) Viales e pistas

Subgrupo 6. Obras viales sin cualificación específica.

DIVISIÓN EN LOTES

Establécense dous lotes neste contrato segundo os cadros adxuntos :

LOTE 1.- Proxecto de Acondicionamento da Rúa do Porto	Código CPV:45233222-1- Traballos de pavimentación e asfaltado
<p>Descrición do lote: As obras definindo a zona de actuación, así como os materiais empregados na pavimentación da rúa do Porto, que se atopa dentro do A.R.I. de Rinlo. Na actualidade estes accesos atopan nun evidente estado de deterioración, sendo necesario realizar labores de definición reafirmado de pavimentación, así como executar soleira de formigón na rúa e reparación da rede de saneamento.</p> <p>A rúa do Porto ten un pavimento formado por distintas capas de regos asfálticos levantados e deteriorados, ao asumir unha consideración excesiva de transporte e estar en moi mal estado de conservación.</p>	
Valor estimado: 29 921,42 €	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 29 921,42 €	IVE%: 6 283,49 €
Orzamento base de licitación IVE incluído:36 204, 91 €	
Lugar de execución: Rinlo	

LOTE 2: Pavimentación da Rúa Juan Suárez Acevedo	Código CPV:45233222-1- Traballos de pavimentación e asfaltado
<p>Descrición do lote: As obras definindo a zona de actuación, así como os materiais empregados na pavimentación da rúa Juan Suarez Acevedo, que se atopa dentro do Conxunto Histórico de Ribadeo. Na actualidade estes accesos atopan nun evidente estado de deterioración, sendo necesario realizar labores de definición reafirmado de pavimentación, así como executar soleira de formigón na rúa. A rúa Juan Suarez Acevedo ten un pavimento formado por distintas capas de regos asfálticos levantados e deteriorados, ao asumir unha consideración excesiva de transporte e estar en moi mal estado de conservación.</p>	
Valor estimado: 27 076,54 €	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 27 076,54 €	IVE%: 5 686,07 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 32 762, 61 €	
Lugar de execución: Ribadeo	

Os licitadores poderán presentar oferta a todos os lotes, é dicir, non hai limitación para a presentación de oferta por lotes, non podendo ser adxudicatario un mesmo licitador de mais de un lote. No caso, de resultar adxudicatarios dos dous lotes serán adxudicatarias daquel que oferten maior baixa respecto aos resto de licitadores, obténdose así a oferta mais vantaxosa para esta entidade.

Ribadeo a data da sinatura electrónica de 2018

O Alcalde ,

Asdo.: **Fernando Suárez Barcia**

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE)

